

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

7291 *Real decreto 526/2014, do 20 de xuño, polo que se establece a lista das enfermidades dos animais de declaración obrigatoria e se regula a súa notificación.*

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, establece nos seus artigos 18 e 24 que, cando se confirme a existencia dunha enfermidade de declaración obrigatoria ou suxeita a restricións intracomunitarias ou internacionais ou se declare oficialmente a extinción dunha enfermidade, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente procederá a comunicar na forma e prazos establecidos tal incidencia ás autoridades sanitarias da Unión Europea, así como a países terceiros e organismos internacionais con quen se concertase tal eventualidade.

O Real decreto 617/2007, do 16 de maio, polo que se establece a lista das enfermidades dos animais de declaración obrigatoria e se regula a súa notificación, dá cumprimento ao disposto na Directiva 82/894/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1982, relativa á notificación das enfermidades dos animais na Comunidade, e ás obrigas que España ten como país membro da Organización Mundial de Sanidade Animal (OIE). Posteriormente, a Orde ministerial ARM/831/2009, do 27 de marzo, pola que se modifican os anexos I e II do Real decreto 617/2007, do 16 de maio, foi publicada con obxecto de adaptar a lista de enfermidades de declaración obrigatoria ás novas exixencias comunitarias e aos criterios e períodos de notificación da Organización Mundial de Sanidade Animal.

A publicación da Decisión de execución 2012/737/UE da Comisión, do 27 de novembro de 2012, pola que se modifican os anexos I e II da Directiva 82/894/CEE, así como os recentes cambios realizados polo Comité Internacional da OIE, de forma que se modifica a lista de enfermidades de declaración obrigatoria da Comisión e da OIE e os criterios para a súa notificación, fai que sexa preciso modificar o Real decreto 617/2007, do 16 de maio, con obxecto de adaptalo ás novas normas internacionais. Con isto, complétase o marco de notificación de enfermidades dos animais, incluídas as enfermidades emerxentes tal e como se definen nos glosarios do Código sanitario para os animais terrestres e do Código sanitario para os animais acuáticos, da mencionada Organización Mundial de Sanidade Animal.

Razóns de seguridade xurídica, dado o alcance das modificacións que hai que introducir no Real decreto 617/2007, do 16 de maio, aconsellan a aprobación dun novo real decreto.

Así mesmo, desde a década dos 90 do século pasado, España é un país libre de peripneumonía contagiosa bovina e oficialmente indemne de leucose enzoótica bovina, polo que procede modificar o Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, respecto ao movemento dos animais a feiras ou mercados, suprimindo a necesidade das probas fronte ás ditas enfermidades.

A presente disposición foi sometida a consulta das comunidades autónomas e das entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de xuño de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto a determinación das enfermidades dos animais suxeitas a declaración obrigatoria no ámbito de España, da Unión Europea e da Organización Mundial de Sanidade Animal, así como os requisitos para a súa notificación.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto, serán aplicables as definicións contidas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Tamén son aplicables as definicións contidas no Código sanitario para os animais terrestres da Organización Mundial para a Sanidade Animal e no Código sanitario para os animais acuáticos da dita organización mundial, ambos os códigos dispoñibles en español na páxina web <http://www.oie.int>

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Foco primario:

1.º Calquera foco dunha enfermidade listada no anexo I ou dunha enfermidade emerxente que non garde relación desde o punto de vista epizootiolóxico cun foco anterior comprobado na mesma provincia, ou ben a primeira aparición noutra provincia diferente.

2.º Calquera foco de enfermidades enumeradas no anexo I.A.2 en explotacións, compartimentos ou zonas declarados libres de conformidade co Real decreto 1614/2008, do 3 de outubro, relativo aos requisitos zosanitarios dos animais e dos produtos da acuicultura, así como á prevención e ao control de determinadas enfermidades dos animais acuáticos.

3.º A confirmación de todo foco das enfermidades mencionadas no anexo I.C ben nun rabaño, segundo o disposto no anexo I do Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina, ben nunha explotación, segundo o disposto no anexo I do Real decreto 1941/2004, do 27 de setembro, polo que se establecen as normas de policía sanitaria que regulan os intercambios intracomunitarios e as importacións de países terceiros de animais das especies ovina e caprina, ou a retirada da cualificación de oficialmente indemne a calquera rabaño ou explotación tras as probas de laboratorio ou as investigacións epidemiolóxicas, segundo o disposto en senllos anexos I, nunha provincia oficialmente indemne das enfermidades conforme os mencionados reais decretos e que non teñan relación cun brote anterior.

b) Foco secundario:

1.º Todo foco das enfermidades listadas no anexo I.A ou dunha enfermidade emerxente, que non cumpra os requisitos para ser considerado foco primario.

2.º Todo foco das enfermidades listadas no anexo I.B que non fosen declaradas endémicas e que non cumpra os requisitos para ser considerado foco primario.

3.º Calquera confirmación de foco das enfermidades mencionadas no anexo I.C ou a retirada da cualificación de oficialmente indemne a calquera rabaño ou explotación debido ás probas de laboratorio ou investigacións epidemiolóxicas segundo o disposto no anexo I do Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, ou no anexo I do Real decreto 1941/2004, do 27 de setembro, nunha provincia oficialmente indemne das enfermidades de conformidade cos citados reais decretos, que non cumpra os requisitos para ser considerado foco primario.

Artigo 3. *Declaración oficial das enfermidades dos animais.*

1. As autoridades competentes realizarán a declaración oficial das enfermidades dos animais que figuran no anexo I e das enfermidades emerxentes.

2. A dita declaración realizarase de forma inmediata en caso:
 - a) Da aparición por primeira vez en España, nunha zona ou nun compartimento, dunha enfermidade do anexo I ou dunha enfermidade emerxente.
 - b) Da reaparición dunha enfermidade que figure no anexo I.A ou I.B despois de ter declarado que se extinguiña o foco en España, ou nunha zona ou compartimento.
 - c) Da aparición por primeira vez en España ou nunha zona ou compartimento de calquera cepa nova do axente patóxeno dalgunha das enfermidades que figuran no anexo I.
 - d) Do cambio repentino e inesperado da distribución, ou o incremento na incidencia ou virulencia, ou da morbilidade ou a mortalidade dunha das enfermidades que figuran no anexo I.
 - e) Da aparición dunha das enfermidades que figuran no anexo I nun novo tipo de hospedador.
3. Os focos primarios das enfermidades mencionadas no anexo I.C ou a retirada da cualificación de oficialmente indemne a calquera rabaño ou explotación, tal e como se define no artigo 2, declararanse no prazo máximo de cinco días.
4. Os focos secundarios das enfermidades mencionadas no anexo I.A declararanse no prazo dunha semana, salvo no caso das enfermidades do anexo I.A.2 que fosen declaradas endémicas á OIE no territorio español, que serán declaradas mensualmente.
5. Os focos secundarios das enfermidades mencionadas no anexo I.B declararanse semanalmente.
6. Os focos secundarios das enfermidades mencionadas no anexo I.C ou a retirada da cualificación de oficialmente indemne a calquera rabaño ou explotación declararanse con periodicidade mensual.
7. As autoridades competentes procederán a realizar unha declaración semestral sobre as enfermidades que se recollen no anexo I.

Artigo 4. *Comunicación ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.*

1. Efectuada a declaración oficial das enfermidades animais recollidas no anexo I, as autoridades competentes comunicaranse ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria, para efectos da coordinación das medidas que se deban adoptar e para a súa notificación á Organización Mundial de Sanidade Animal e, no caso das enfermidades incluídas nos anexos I.A e I.C, para a súa notificación tamén á Comisión Europea e aos demais Estados membros.
2. A dita comunicación deberase producir:
 - a) De forma inmediata unha vez que se produza a declaración oficial en caso de que se dea algunha das circunstancias descritas no artigo 3.2 ou de que se trate dun foco primario das enfermidades incluídas no anexo I.A, incluíndo todos os datos do anexo II.
 - b) No prazo máximo dunha semana desde a confirmación en caso de que se trate dun foco secundario das enfermidades incluídas nos anexos I.A e I.B, incluíndo todos os datos do anexo II, salvo no caso das enfermidades incluídas no anexo I.A.2 que fosen declaradas endémicas, que se fará de forma mensual.
 - c) No prazo máximo dun mes desde a confirmación en caso de focos secundarios das enfermidades incluídas no anexo I.C, segundo o previsto no artigo 2, incluíndo todos os datos do anexo II.
 - d) De forma inmediata en caso de extinción dos focos de enfermidade, de acordo cos datos previstos no anexo III, así como a supresión das restricións que aplicasen no seu territorio como resultado da aparición dunha das enfermidades que figuran no anexo I.
3. As autoridades competentes remitirán ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria, unha comunicación semestral da situación sanitaria no seu respectivo ámbito territorial respecto

das enfermidades recollidas no anexo I, incluíndo a retirada da cualificación de oficialmente indemne das enfermidades incluídas no anexo I.C tal e como se define no artigo 2, a través de dous informes anuais, un correspondente ao primeiro semestre do ano en curso, antes do 15 de xullo de cada ano, e o correspondente ao segundo semestre do ano, antes do 15 de xaneiro do ano seguinte, para efectos da súa notificación á Organización Mundial de Sanidade Animal.

Artigo 5. Notificación á Comisión da Unión Europea, aos Estados membros e á Organización Mundial de Sanidade Animal.

1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria, notificará á Comisión da Unión Europea e aos demais Estados membros:

a) Antes de 24 horas desde a recepción dos datos que correspondan:

1.º O foco primario das enfermidades que figuran no anexo I.A.

2.º A supresión, logo da extinción do último foco, das restricións que se aplicasen como resultado da aparición das enfermidades que figuran no anexo I.A.

b) O primeiro día laborable de cada semana, os focos secundarios das enfermidades dos animais terrestres que figuran no anexo I.A.1 e os focos primarios das enfermidades que figuran no anexo I.C, con base nas notificacións recibidas das comunidades autónomas.

A notificación cubrirá cada semana que remata á media noite do domingo precedente á notificación.

Estas notificacións incluírán as informacións que figuran no anexo II.

c) Mensualmente os focos secundarios das enfermidades incluídas no anexo I.C e as enfermidades dos animais acuáticos que figuran no anexo I.A.2, con base nas notificacións recibidas das comunidades autónomas.

2. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria, notificará inmediatamente á Organización Mundial de Sanidade Animal a información sobre a declaración oficial que as autoridades competentes realicen de calquera das enfermidades que figuran no anexo I ou das enfermidades emerxentes, en caso de que se dea algunha das circunstancias descritas no artigo 3.2. Así mesmo, notificarase á dita organización a extinción dos focos.

Semanalmente, enviarase a información dos focos secundarios das enfermidades do anexo I até a extinción do foco ou até que a enfermidade se faga endémica.

Semestralmente, remitirase á Organización Mundial de Sanidade Animal a información que, sobre as enfermidades que figuran no anexo I, remitan as autoridades competentes de conformidade co disposto no artigo 4.3.

3. Sen prexuízo do previsto no artigo 3.4 do Real decreto 2491/1994, do 23 de decembro, polo que se establecen medidas de protección contra determinadas zoonoses e determinados axentes produtores de zoonoses, procedentes dos animais e produtos de orixe animal, co fin de evitar as infeccións e intoxicacións procedentes dos alimentos, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente comunicará ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade as enfermidades dos animais que poidan representar un risco para a saúde humana e, en particular, aquelas que poidan requirir unha resposta rápida por parte das autoridades sanitarias ou unha coordinación entre a saúde animal e humana para reducir o risco para a poboación.

4. As notificacións previstas no número 2 conterán as informacións requiridas polos cuestionarios que estableza a Organización Mundial de Sanidade Animal.

Disposición adicional única. *Animais adscritos aos ministerios de Defensa e do Interior.*

En relación cos animais adscritos aos ministerios de Defensa e do Interior e os seus organismos públicos aplicarase o disposto na disposición adicional terceira da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 617/2007, do 16 de maio, polo que se establece a lista de enfermidades dos animais de declaración obrigatoria e se regula a súa notificación.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais.*

O número 3 do artigo 22 do Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, queda modificado como segue:

a) O subpunto a) 6.º substitúese polo seguinte:

«6.º Certames gandeiros, sempre que se cumpran as condicións sanitarias previstas na normativa correspondente e se cumpran as seguintes condicións:

Nos 30 días anteriores ao traslado, os animais de máis de 12 meses obxecto de traslado terán presentado un resultado favorable a unha das probas previstas no anexo 2.

Nos 30 días anteriores ao traslado, os animais de máis de seis semanas obxecto de traslado terán presentado un resultado favorable a unha proba de detección da tuberculose, de acordo cun método aprobado para o efecto segundo o disposto no anexo 1.»

b) O subpunto b) 5.º substitúese polo seguinte:

«5.º Certames gandeiros, sempre que se cumpran as condicións sanitarias previstas na normativa correspondente e se cumpran as seguintes condicións:

Nos 30 días anteriores ao traslado, os animais obxecto de traslado terán presentado un resultado favorable a unha das probas previstas no anexo 2.

Nos 30 días anteriores ao traslado, os animais obxecto de traslado terán presentado un resultado favorable a unha proba de detección da tuberculose, de acordo cun método aprobado para o efecto segundo o disposto no anexo 1.

Todos os animais que concorran nese mesmo día deben proceder de explotacións radicadas na mesma comunidade autónoma en que ten lugar o certame, e o destino inmediatamente posterior dos animais debe ser exclusivamente dentro da dita comunidade autónoma.»

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao ordenamento interno a Directiva 82/894/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1982, relativa á notificación das enfermidades dos animais na Unión Europea.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.ª da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira cuarta. *Facultade de modificación.*

Facúltase a ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar o contido dos anexos deste real decreto, para a súa adaptación ás modificacións que introduza a normativa comunitaria ou os cambios que introduza a Organización Mundial de Sanidade Animal ou por motivos urxentes de sanidade animal.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de xuño de 2014.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA

ANEXO I

Enfermedades

A. Enfermedades incluídas na lista A.1 e B, segundo a Decisión de execución 2012/737/UE da Comisión, do 27 de novembro de 2012, pola que se modifican os anexos I e II da Directiva 82/894/CEE, e a Directiva 82/894/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1982, relativa á notificación das enfermidades dos animais na Comunidade.

1. Enfermedades dos animais terrestres:

- Lingua azul ou febre catarral ovina.
- Febre aftosa.
- Febre do Val do Rift.
- Peste bovina.
- Estomatite vesicular.
- Infección polo virus da rabia.
- Carbúnculo.
- Encefalopatía esponxiforme bovina.
- Dermatose nodular contaxiosa.
- Peripneumonía contaxiosa bovina.
- Peste dos pequenos ruminantes.
- Varíola ovina e caprina.
- Peste porcina clásica.
- Peste porcina africana.
- Enfermidade vesicular porcina.
- Influenza aviar notificable.
- Enfermidade de Newcastle en aves de curral e cativas.
- Peste equina africana.
- Durina.
- Encefalomielite equina dos seguintes tipos:

encefalomielite equina oriental.

encefalite xaponesa.

encefalomielite equina venezolana.

febre do Nilo occidental.

encefalomielite equina occidental.

- Anemia infecciosa equina.
- Mormo.
- Aethinose (pequeno escarabelo da colmea *Aethina tumida*).
- Tropilaelapsose (*Tropilaelaps spp.*).

2. Enfermidades dos animais acuáticos:

- Anemia infecciosa do salmón.
- Enfermidade causada polo herpesvirus Koi.
- Necrose hematopoética infecciosa.
- Necrose hematopoética epizoótica.
- Septicemia hemorráxica viral.
- Infección por *Bonamia ostreae*.
- Infección por *Bonamia exitiosa*.
- Infección por *Marteilia refringens*.
- Infección por *Perkinsus marinus*.
- Infección por *Mikrocytos mackini*.
- Síndrome de Taura.
- Enfermidade da mancha branca.
- Enfermidade da cabeza amarela.

B. Outras enfermidades incluídas na lista única da Organización Mundial de Sanidade Animal que, non aparecendo na epígrafe A deste anexo, están sometidas á obriga de comunicación nos termos previstos nos artigos 3, 4 e 5.

Todas aquelas enfermidades que, non estando incluídas na epígrafe A deste anexo, si o estean na lista única de Organización Mundial de Sanidade Animal.

C. Enfermidades incluídas na lista A.2. segundo a Directiva 82/894/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1982, relativa á notificación das enfermidades dos animais na Comunidade.

No caso de que a notificación dalgunha destas enfermidades se produza nunha provincia declarada oficialmente libre segundo normativa comunitaria.

Brucelose bovina.

Tuberculose bovina.

Leucose bovina enzoótica.

Brucelose ovina e caprina (excepto a producida por *Brucella ovis*).

ANEXO II

Comunicación da enfermidade

A. Información obrigatoria para a notificación de enfermidades incluídas no anexo I.A e I.C:

1. Data de expedición.
2. Hora de expedición.
3. País de orixe.
4. Nome da enfermidade e, se for o caso, tipo de virus.
5. Número de serie do foco.
6. Tipo de foco.
7. Número de referencia correspondente ao foco.
8. Rexión e localización xeográfica da explotación.
 - 8.1 Comunidade autónoma ou cidades de Ceuta e Melilla.
 - 8.2 Provincia afectada.
 - 8.3 Municipio afectado.
 - 8.4 Coordenadas xeográficas da localización do foco.
 - 8.5 Nome e descrición do compartimento ou zona en caso de enfermidades de anexo I.A.2.
9. Outra ou outras rexións afectadas polas restricións.
10. Data de confirmación do foco.
11. Data de sospeita do foco.

12. Data estimada da primeira infección.
 13. Orixe da enfermidade.
 14. Medidas de control adoptadas.
 15. Débese indicar o número de animais sensibles na explotación: a) bovinos; b) porcinos; c) ovinos; d) caprinos; e) aves de curral; f) équidos; g) para as enfermidades de animais de acuicultura, o peso ou o número \times 1000 de animais sensibles; h) especies silvestres; i) para as enfermidades das abellas, número de colmeas sensibles.
 16. Débese indicar o número de animais enfermos na explotación: a) bovinos; b) porcinos; c) ovinos; d) caprinos; e) aves de curral; f) équidos; g) para as enfermidades de animais de acuicultura, o peso ou o número \times 1000 de animais enfermos; h) especies silvestres; i) para as enfermidades das abellas, número de colmeas enfermas.
 17. Débese indicar o número de animais que morreron na explotación: a) bovinos; b) porcinos; c) ovinos; d) caprinos; e) aves de curral; f) équidos; g) para as enfermidades de animais de acuicultura, o peso ou o número \times 1000 de animais que morreron; h) especies silvestres.
 18. Débese indicar o número de animais sacrificados: a) bovinos; b) porcinos; c) ovinos; d) caprinos; e) aves de curral; f) équidos; g) para as enfermidades de animais de acuicultura, se for o caso (só crustáceos e peixes), o peso ou o número \times 1000 de animais sacrificados; h) especies silvestres.
 19. Débese indicar o número de cadáveres destruídos: a) bovinos; b) porcinos; c) ovinos; d) caprinos; e) aves de curral; f) équidos; g) para as enfermidades de animais de acuicultura, se for o caso, o peso ou o número \times 1000 de animais retirados e destruídos; h) especies silvestres; i) para as enfermidades das abellas, número de colmeas destruídas.
 20. Data da finalización do sacrificio (cando proceda).
 21. Data da finalización da destrución (cando proceda).
- B. No caso da peste porcina clásica, informarase tamén de:
1. Distancia á explotación porcina máis próxima.
 2. Número e tipo de porcos: de cría, de engorda e leitóns (menores de tres meses de idade aproximadamente) que hai na explotación infectada.
 3. Número e tipo de porcos: de cría, de engorda e leitóns (menores de tres meses de idade aproximadamente) enfermos na explotación infectada.
 4. Método de diagnóstico.
 5. Se a infección non tivo lugar na explotación, indicación da súa posible confirmación nun matadoiro ou nun medio de transporte.
 6. Confirmación de casos primarios en xabaris que aparecen en zonas indemnes, é dicir, fóra das zonas suxeitas a restricións por causa de peste porcina clásica en xabaris.
- C. No caso da tuberculose bovina, da brucelose bovina e da brucelose ovina e caprina, informarase tamén de:
- Especie patóxena (se se coñece).

ANEXO III

Extinción do foco

Comunidade autónoma ou cidades de Ceuta e Melilla:

Provincia:

Municipio:

Enfermidade declarada:

Data de declaración:

Foco número:

Data de extinción:

Data de levantamento de restricións: